

Indica a que tipo de ecosistema se refire cada texto.

Ecosistema humanizado. A especie dominante nas cidades é o ser humano, pero tamén hai outras comunidades coma os pardais. O elo dos produtores é moi escaso e os alimentos que se consomen proceden doutros ecosistemas. Os refugалlos que se producen son transportados a plantas de xestión de residuos e algúns destes residuos son moi difíciles de degradar polo que o ciclo da materia está incompleto.

Ecosistema natural terrestre. O principal compoñente é o solo. Os produtores son plantas, os consumidores primarios está formado por animais herbívoros e os consumidores secundarios poden ser tamén moi variados.

Ecosistema natural acuático. O principal compoñente é a auga. Os produtores son fundamentalmente o fitoplancto, algas e plantas; os consumidores primarios é o zooplancto e os consumidores secundarios son organismos máis complexos que se desprazan pola auga, como os peixes.

Ecosistema humanizado. Normalmente sitúanse en zonas chás, de relevo suave. Os produtores son principalmente plantas herbáceas, os consumidores varían segundo a rexión xeográfica. Inclúen animais de pastoreo, animais que viven en tobos, aves e depredadores.

Ecosistema natural mixto. O medio físico presenta moitas variacións. O número de produtores é elevado, entre eles, algas e fitoplancto e plantas que viven en zonas de cantís ou praia. Os consumidores son moi variados, tanto dentro coma da auga. O elo dos descompoñedores está formado por fungos e bacterias.